

XULLO

VENRES 8 / 20.00 H / XARDIM MUNICIPAL PETER PUNK A Chungatrona

Colabora:  Deputación da Coruña

Participando activamente co público, pedaleando coma un tolo, comendo globos e xogando coma un neno que se nega a crecer, Peter Punk presenta un espectáculo sorprendente no que coñeceremos o seu último xoguete, a Chungatrona.



VENRES 8 / 22.30 H PRAZA DO CONCELLO AGRUPACIÓN MUSICAL SAINT LUC DE BANAKINTÚ

A Agrupación Musical Saint Luc de Banakintú realizará un concerto no que estará presente a cultura tradicional africana de Costa de Marfil, a través da música, das cancións e das danzas tradicionais. Os/as máis de 30 integrantes contan cunha importante traxectoria musical, e veñen de actuar en Mali, Senegal, Burkina Faso, entre outros países africanos.

Colabora: Asociación de Cooperación para el Desarrollo en África (www.egueire.org)

SÁBADO 9 FESTIFOLK COSTA DA MORTE CONCELLO DE CARBALLO



21.00 H / RUAS DE CARBALLO E PRAZA DO CONCELLO Desfile dos grupos de gaiteiros da Costa da Morte

Gozaremos co desfile polas rúas de Carballo de grupos de gaiteiros de distintas asociacións culturais da Costa da Morte, ao ritmo de foliadas, muñeiras, xotas...

22.00 H / PRAZA DO CONCELLO

Concerto:

- PEPE VAAMONDE
- XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE

Os sons da gaita e da música tradicional galega serán tamén os protagonistas do espectáculo nocturno a cargo de Pepe Vaamonde Grupo e Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre.

Pepe Vaamonde presenta o seu novo proxecto musical *Nas Pedras do Lar*, un espectáculo baseado na contundencia e forza da música folk galega, que se mestura cunha chea de novos sabores sonoros.

E para rematar o Festifolk gozaremos de **Xabier Díaz**, que no novo traballo *The Tambourine Man*, rodéase das Adufeiras de Salitre, un grupo de percusionistas e cantoras de música popular. Xuntos montarán unha gran foliada demostrando que a tradición non esmoreceu e que queda sitio para o baile e o aturuxo...



VENRES 15 / 21.00 H / PRAZA DO CONCELLO A GRAMOLA GOMINOLA A gramola gominola

Colabora:  Deputación da Coruña

Música e humor. Esta é a proposta da Gramola Gominola que chega a Carballo para presentar o seu primeiro espectáculo, unha viaxe didáctica pola historia da música moderna na que o público poderá coñecer diferentes estilos que van desde o blues ao reggae, pasando polo pop, country, rock ou ska. A posta en escena está chea de colorido e momentos cómicos que farán as delicias dos máis pequenos, e atraparán por igual a cativos e maiores.

DO XOVES 21 AO DOMINGO 24 XARDIM MUNICIPAL / TODO O DIA PRAZA DOS LIBROS Feira da creatividade cultural

Colabora:  Fundación Luis Calvo Sanz

Como todos os anos, aínda que con novas datas, o Xardín Municipal encherase de creatividade e imaxinación! Catro días de animación, contacontos, música, libros, presentacións e moitas outras propostas que encherán de ilusión Carballo. Unha nova edición da feira da creatividade cultural que cada ano pretende achegarlle á cidadanía creación galega e propostas frescas do ámbito literario, musical e, en definitiva, artístico. E todo isto fundido o xoves e o domingo coa feira tradicional... Unha festa de ideas!

Véxase o programa completo desta feira



VENRES 22 / 22.30 H / PRAZA DO CONCELLO MAGO XACOBE Feitizos e Abraios

Colabora:  Deputación da Coruña

Queres divertirte mentres te sorprenden con increíbles trucos de maxia?

O Mago Xacobe regresa ao escenario carballés co espectáculo *Feitizos e Abraios*, un show familiar no que poderán gozar de xogos sorprendentes, moi cómicos e no que o público participará tamén nas grandes ilusións que farán a delicia dos presentes.

Este mago santiagués conta cunha dilatada experiencia como profesional de ilusionismo e como produtor de festivais e espectáculos, e as súas propostas fan que o público de todas as idades sexan os protagonistas en todo momento.

SÁBADO 23 / PRAIA DE RAZO / TODO O DIA XI FESTIVAL SEREAS E PIRATAS

O Festival Sereas e Piratas celebra a súa undécima edición, coa habitual xornada de deportes e obradoiros para os máis cativos co Pequepop. Será un ano moi especial, xa que contarán coa presenza da banda inglesa The Wave Pictures, como única actuación en España na tempada estival. Coma sempre darase cabida a formacións galegas emerxentes, como Bifannah, e os locais Night Boys e as bandas estatais Juventud Juché e Pablo Und Destruktion, aínda que quedan máis sorpresas por confirmar.

Entrada: 10 € anticipada en Ticketea e 15 € na billeiteira | www.sereasepiratas.net
www.facebook.com/sereasepiratas | www.twitter.com/sereasepiratas



Organiza:  AC Rebelde

Colabora:  Carballo

VENRES 29 / 22.30 H / PRAZA DO CONCELLO JÓVENES CLÁSICOS DEL SON El bar de Paco

Patrocina:

 Fundación Luis Calvo Sanz



A Fundación Luis Calvo Sanz ofrécenos este verán a actuación de Jóvenes Clásicos del Son, un septeto de música tradicional cubana de luxo, con máis de vinte anos de traxectoria, que incorpora no seu repertorio os xéneros máis coñecidos da música do seu país como a rumba, o bolero ou a guaracha, coa sutileza duns extraordinarios arranxos onde se pode apreciar o soul, jazz, rap, funk e o blues.

Coa forza interpretativa que os caracteriza en escena foron capaces de facer bailar a milleiros de persoas nos máis recoñecidos festivais de jazz do mundo. Durante a súa carreira teñen feito xiras por países como Francia, Austria, Italia, Inglaterra, México ou África, e iniciarán esta nova xira europea coa actuación de Carballo.

AGOSTO

VENRES 5 / 22.30 H / PRAZA DO CONCELLO DE VACAS Tour Bacanal 16

Colabora:  Deputación da Coruña

Versións de grandes temas venerados polas masas e maltratados pola historia, porque detrás de cada canción mala hai un corazón que quere reivindicar: desde as Spice Girls ata o Gagnam Style, pasando por Michel Teló ou Enrique Iglesias, entre outros. Esta formación rescata estes temas nun formato divertido e fresco, co que emocionarse e rir a partes iguais.

De Vacas é un cuarteto musical, formado por tres virtuosas cantantes, Faia Díaz, Inés Salvado e Paula Romero, e por un músico á guitarra, Guillermo Fernández.



VENRES 12 / 22.30 H / PRAZA DO CONCELLO UXÍA E NARF Baladas da Galiza Imaxinaria

Colabora:  Deputación da Coruña

Uxía, unha das voces máis importantes da música en Galicia, e Narf, compositor e cantor cunha longa traxectoria musical, únense para crear o seu primeiro traballo discográfico conxunto: *Baladas da Galiza Imaxinaria*. Un disco que nace do talento e da sensibilidade destes dous grandes músicos que en cada balada deixan a alma e as ventás dos corazóns inquedados e emocionados.

Tal como describe o músico Santiago Auserón, "Uxía e Narf converten ao ser galego en ámbito de alcance universal, do que nos invitan a facernos partícipes a través da sensibilidade musical máis próxima e refinada".

VENRES 19 / 20.00 H / XARDIM MUNICIPAL GHAZAFELHOS

As mil e a unha noites

Colabora:  Deputación da Coruña

Tres xenios do afastado oriente, subidos en zancos, veñen a contar a historia de Sherezade e de como o seu enxeño logrou cautivar a un dos Sultáns máis despiadados de toda Persia. Todo transcorre nun ambiente máxico no que non faltará a improvisación propia de Ghazafellos.



VENRES 19 / 22.00 H / PRAZA DO CONCELLO SÉS

Colabora:  Deputación da Coruña

Tronzar o valos

Sés, rockeira e cantareira, sentimental e enérxica, son os ingredientes dunha fórmula que consegue un resultado orixinal e xenuino: rock'n'roll e tradición oral galega, que segue a medrar coa súa enerxía ilimitada, actitude punk espectacular e unha potencia escénica imponente.

Tronzar os valos é o terceiro disco da cantora bergantiñá, doce cancións nas que te adentras no universo Sés, que significa a suma da potencia do rock, o ritmo e a mensaxe da canción latinoamericana, a tradición que leva na pel e a súa intensa condición de cantora que impregna a maneira directa de achegarse ao público.

VENRES 26 / 22.00 H / PRAZA DO CONCELLO FESTIVAL DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL

Banda Municipal de Gaitas, AC Nemeth, ACX Arume de Berdillo e AC O Candil de Sísamo

Regresa un ano máis o Festival de Música e Baile Tradicional no que as asociacións de Carballo participan, e que amosarán o folclore tradicional galego a través do baile, música e vestuario do noso patrimonio etnográfico. Un espectáculo no que a Banda Municipal de Gaitas de Carballo, dirixida por Jesús Moreira, o Grupo de Pandeiriteiras Xoldreira da AC Nemeth, dirixida por Álex Insua, os grupos de Música e Baile Tradicional de Arume de Berdillo, dirixidos por Miro Regueira, e os grupos de música e baile tradicional da AC O Candil, dirixidos por Rosa Cotel e Emilia Piedra, serán os encargos de que, de novo, o público goce do noso patrimonio inmaterial.





Ata o 31 de xullo / 3º andar do Pazo da Cultura / De 17.00 h a 20.00 h

EXPOSICIÓN: MARE MAGNUM

Exposición colectiva de artistas vinculados a Carballo coa que se pretende dar a coñecer o traballo dos nosos creadores e creadoras en diferentes modalidades artísticas. Neste nova edición propónse a temática do mar, na que poderemos gozar das obras de Adriana Díaz, Antonio Taracido, Carmen Rojo, Cristina Castro, Chiña, Emi de las Heras, Esther Chamoso, Eva Facal, Isa Fernández, Javier Rodríguez, Lola Oviado, Manuel Eirín, María Marticorena, Milagros Cotelo, Mon Lendoiro, Nolo Suárez, Paco Souto, Peter Kramer, Peter Schneider, Risé, Santi Picos e Teresa Candal.

2 de xullo / Praza de San Cristovo / 17.00 h XXII ROMARÍA DO GAITEIRO

A Asociación Cultural San Cristovo homenaxea un ano máis aos músicos da nosa bisbarra, nesta edición será o gaitero José Vázquez Viñán, coa intención de render unha sentida homenaxe a todas aquelas persoas que fixeron que o patrimonio musical chegara vivo ata os nosos días. Haberá churrascada e actividades infantís.

Organiza: AC San Cristovo
Colaboran: Concello de Carballo e Igrexa Parroquial de San Cristovo

2 de xullo / Local Social e pistas polideportivas de Berdillo / Todo o día XXXV ALBAROQUE

Xornada de confraternidade aberta a todos os públicos na que se expoñerán os traballos realizados polas entidades organizadoras e na que se poderá degustar unha comida popular e unha exhibición de baile, música e teatro.

Organizan: Asociacións Cultural e Xuvenil Arume
Colabora: Concello de Carballo

2 de xullo / Clausura da IV edición da Escola Ambiental de Senda Nova / Rúa Colombia / 18.00 h SERÁN DIVERTIDO

Encontro, aberto a todos os públicos, no que haberá xogos tradicionais, unha merenda conxunta, sorteos, premios e sorpresas para os/as máis pequenos/as para despedir a IV Edición da Escola Ambiental Senda Nova.

+ INFO: www.sendanova.org
Organiza: AC Senda Nova
Colabora: Concello de Carballo

2 de xullo / Imende – Noicela / 19.00 h XXIV ROMARÍA GALEGA

Unha nova edición desta festa na que se poderá gozar de actuacións de música e baile tradicional de balde así como unha cea para as persoas asistentes.

Organiza: ADCR Baldaio
Colabora: Concello de Carballo

6 e 7 de xullo / Fórum Carballo XII CURSO DE VERÁN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#traballandoenlingua no ámbito socioeconómico

O Curso de verán de dinamización lingüística #traballandoenlingua chega á súa duodécima edición. Un encontro anual estabilizado en que nos once anos anteriores se fixeron análises, debates, reflexións e propostas prácticas de cara á mellora do proceso de normalización da lingua galega, traballando o discurso, os

argumentos, as accións, a creatividade, a implicación, os métodos, etc. E nesta XII edición terá lugar os días 6 e 7 de xullo para traballar arredor de algo moi importante para o presente e o futuro da lingua: o uso e o prestixio do galego no ámbito socioeconómico, coa participación de empresariado, publicistas, analistas, etc.

Información completa e matrícula en: www.traballandoenlingua.gal



9 de xullo / Saída de Carballo / 21.00 h ROTEIRO NOCTURNO POR PICO DE MEDA

Roteiro nocturno interpretativo, no que se irá desmitificando a figura do lobo nos montes de Pico de Meda. A pernocta será ao remate da ruta.

Información sobre datas, prezos e condicións en sendanova@hotmail.com ou 696 155 232.
Organiza: AC Senda Nova
Colabora: Concello de Carballo

13 de agosto / Mirador de Castrillón en Santa Irene-Lema / 18.00 h XXI MEXILLONADA

A Mexillonada é unha das citas gastronómicas máis importantes que se celebran no Concello de Carballo e que esta ano cumpre a súa vixésimo primeira edición. Un día para gozar de todas as variantes culinarias dun produto moi prezado como é o mexillón. Esta festa rematará á noiteña cunha verbena.

Organiza: Assoc. Cultural A Foucella
Colabora: Concello de Carballo

20 de agosto / Imende – Noicela / 12.00 h XIX FESTA DO BERBERECHO

Unha das festas gastronómicas máis importantes do municipio onde se poderá degustar un dos produtos típicos da ría de Baldaio, o berberecho. Actuacións musicais, danza e, ademais, unha pequena verbena.

Organiza: ADCR Baldaio
Colabora: Concello de Carballo

27 de agosto / Bosque de Carballo / 11.00 h III FOLIADA DO BOSQUE

A Foliada do Bosque celebra a súa terceira edición cunha xornada lúdica arredor da música e o baile tradicional. Á foliada achegaranse asociacións culturais convidadas pero tamén poderán participar libremente todas aquelas persoas interesadas. Tamén se realizarán xogos tradicionais para os/as máis pequenos/as ao longo do día.

Organiza: AC Foliada Galega
Colabora: Concello de Carballo

27 de agosto / Recinto escolas unitarias 20.00 h XV FESTA DO PICHORRO

Exhibición de baile tradicional e actuación musical do grupo O tren da unha. Degustación de pichorro. Campionato de debullamento con mango de fouciño.

Organiza: AC San Campio de Cances
Colabora: Concello de Carballo

XULLO

Xoves 7 > 22.30 h RAZO (Praia) STAR WARS: EL DESPERTAR DE LA FUERZA
ACRD San Martiño de Razo / +7 anos / 136 min

Mércores 13 > 22.30 h XARDÍN MUNICIPAL O OURO DO TEMPO
Deputación da Coruña+12 anos/ 98 min

Xoves 14 > 22.30 h A BREA LOS MINIONS
AC Mestre Carmen Canela / Todos os públicos / 91 min

Martes 19 > 22.30 h SISAMO ANT-MAN
AV Santiago Apóstolo Sísamo / +7 anos / 117 min

Mércores 20 > 22.30 h SOFÁN (Colexio da Gándara) LOS MINIONS
AV San Salvador-Sofán / Todos os públicos / 91 min

Xoves 21 > 22.30 h BALDAIO (Pedra do Sal) HOTEL TRANSILVANIA 2
AC A Foucella / Todos os públicos / 89 min

Martes 26 > 22.30 h ARTES ANT-MAN
AC Aquelarre / +7 anos / 117 min

Mércores 27 > 22.30 h PRAZA DO CHORIS DEL REVÉS
Todos os públicos / 94 min

Xoves 28 > 22.30 h CANCES (Campo da Capela) HOTEL TRANSILVANIA 2
AC San Campio-Cances / Todos os públicos / 89 min

AGOSTO

Martes 2 > 22.00 h ARDANA (Escola de Gontade) ANT-MAN
A. Santa María de Ardaña / +7 anos / 117 min

Mércores 3 > 22.00 h PRAZA DA MILAGROSA O NOSO ÚLTIMO VERÁN EN ESCOCIA
Todos os públicos / 95 min

Xoves 4 > 22.00 h RAZO (Praia) DEL REVÉS
ACRD San Martiño de Razo / Todos os públicos / 94 min

Martes 9 > 22.00 h OZA (Local Social) LOS MINIONS
AC Torre Vixia / Todos os públicos / 91 min

Mércores 10 > 22.00 h XARDÍN MUNICIPAL MALÉFICA
Deputación da Coruña / +7 anos / 98 min

Xoves 11 > 22.00 h IMENDE (Pista polideportiva) ATRAPA LA BANDERA
ACRD Baldaio / Todos os públicos / 91 min

Martes 16 > 22.00 h SOFÁN (Praza) O NOSO ÚLTIMO VERÁN EN ESCOCIA
A. Mulleres Rurais San Salvador-Sofán / Todos os públicos / 95 min

Mércores 17 > 22.00 h PRAZA DE S. CRISTOVO ATRAPA LA BANDERA
AC San Cristovo / Todos os públicos / 91 min

Xoves 18 > 22.00 h ENTRECUCES DEL REVÉS
AC Fontesalgueira / Todos os públicos / 94 min

Mércores 24 > 22.00 h XARDÍN MUNICIPAL SPECTRE
+12 anos / 147 min

FESTAS DE VERÁN EN CARBALLO



XULLO

- 2 e 3 O Sacramento ARDAÑA
- 3 Romaría Galega en Imende NOICELA
- 4 e 5 San Pedro CANCES
- 9 e 10 A Brea (Festa do Pan) CARBALLO, núcleo urbano
- 10 e 11 San Cristovo e Sacramento LEMA
- 11 San Bieito en Paradelas SOFÁN
- 15, 16 e 17 O Carne e Santísimo Sacramento OZA
- 16 Nosa Señora do Carne da Piña SOFÁN
- 16 Nosa Señora do Carne ENTRECUCES
- 16 O Carne LEMA
- 17 O Carne SÍSAMO
- 23 Santa María Magdalena ALDEMUNDE
- 25, 26 e 27 Santiago Apóstolo SÍSAMO

AGOSTO

- 3 Santa Mariña RAZO
- 4 Santo Antonio RAZO
- 4 e 5 Perpetuo Socorro ARTES
- 6 e 7 San Salvador REBORDELOS
- 6 e 7 San Cristovo CARBALLO, núcleo urbano
- 6, 7 e 8 San Salvador SOFÁN
- 7, 8 e 9 Neno Xesús REBORDELOS

9 Festa do Tarambollo SOFÁN

- 10 Santo Antonio PREARADA - SOFÁN
- 10, 11 e 12 San Lourenzo BERDILLO
- 13 Mexillonada LEMA
- 14, 15 e 16 Santa María BÉRTOA
- 15 Nosa Señora ARDAÑA
- 15, 16 e 17 Santa María RUS
- 21 Festa do Berberecho IMENDE - NOICELA
- 25, 26 e 27 San Xínés (baixa) ENTRECUCES
- 27 Festa dos bañeiros RAZO

SETEMBRO

- 2, 3 e 4 Milagrosa CARBALLO, núcleo urbano
- 7, 8 e 9 San Ramón (Goiáns-Xoane) GOIÁNS
- 8 Os Milagres ARTES
- 8 e 9 Os Milagres en San Sadurniño RUS
- 9, 10 e 11 San Brais, San Roque e Perpetuo Socorro OZA
- 16, 17 e 18 Santa Irene LEMA
- 16 e 18 Sta. Eufemia BÉRTOA
- 17 e 18 As Dolores BERDILLO
- 17 e 18 Santa Eufemia e San Mateo RUS
- 24 e 25 Remedios e Vilamaior VIVENTE - ARDAÑA
- 29 San Miguel VILELA



Nota:

No caso de predición de choiva, as actuacións previstas na Praza do Concello poderán trasladarse ao Pazo da Cultura ou á Praza de Abastos e a entrada será libre, limitada ao aforo do auditorio do Pazo ou da Praza. Informarase coa máxima antelación posible.

INFO

Organiza: Concellaría de Cultura
Pazo da Cultura. Rúa do Pan, s/n.
Teléfono: 981 704 300
culturacarballo@carballo.org
www.carballo.gal



Fundación Luis Calvo Sanz



VERÁN CULTURAL

XULLO E AGOSTO 2016

